

DIARIO DE APRENDIZAXE

Este **diario** é unha forma de ver como imos avanzando nas distintas fases. Servirache de axuda para autoavaliarte e reflexionar sobre a situación de aprendizaxe.

FASES DO DIARIO	
	☐
FASE 1: É posíbel outro turismo?	☐
FASE 2: Que lembramos?	☐
FASE 3: Mans a obra!	☐
FASE 4: Imos a polo reto	☐
FASE 5: Conclusión	

FASE 1	<i>É posíbel outro turismo?</i>
--------	---------------------------------

Nesta primeira fase, presentamos o **reto** da situación de aprendizaxe. Agora, no teu diario debes pensar e escribir sobre **“que”** e **“como”** aprendiches neste bloque.

Non tes présa, non o fagas ao chou, faino con sentidiño! Lembra, reflexiona e escribe con sinceridade para coñecer os teus puntos fortes e débiles e así, mellorar a túa aprendizaxe.

As miñas aprendizaxes:

En que consiste o reto?:

Gústache a idea de facer este reto? Rodea a resposta que queiras:

SI

NON

Cal é a parte do reto que máis che gusta?:

Cal é a parte do reto que menos che gusta?:

Poderías definir en que consiste o turismo sostible?

Coñeces lugares que sufran as consecuencias negativas dun turismo masivo? Cales?

Pensas que pode haber outras solucións reais ao problema do turismo? Cales?:

Valoro a miña actuación:

Colorea as estrelas seguintes.

Valora de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



Valora de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



Diario común:

Realiza unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

FASE 2

Que lembramos?

Xa rematamos a **segunda fase**. Agora tócache reflexionar no diario como a afrontaches e reflectir a maneira na que aprendiches.

Recorda, non hai présa, faino con calma e pensa antes de escribir. É a mellor maneira de coñecer como aprendes e progresar.

As miñas aprendizaxes:

Servíronche as tarefas desta fase para lembrar o que xa sabías?

Resultáronche complicados os exercicios?

Crees que terías que ter repasado outros contidos e non se fixo? Se a resposta é si, cales son?

O meu camiño:

Coidas que existe unha relación clara do traballo desta fase co reto final?

Estache costando seguir o ritmo de traballo?

Gústanche os textos e a temática que estamos traballando?

Que é o que máis che resulta interesante? Por que?

Valoro a miña actuación:

Valora de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



Valora de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



Diario común:

Realiza unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

FASE 3

Mans á obra!

Agora que xa repasamos aspectos sobre os contos, os poemas e o turismo sostible, imos dar outro pasiño máis para avanzar na consecución do noso reto! Seguro que precisamos coñecer máis sobre como presentar os contidos ao resto. As túas habilidades postas en xogo ao longo desta actividade e compartíndoas co resto do grupo, permitiránche coñecer as instrucións axeitadas para resolver e superar esta nova dificultade.

As miñas aprendizaxes:

Que cousas sobre narrativa aprendeches que non sabías? E sobre a poesía?

Coñecías a figura de creador/a de contido? Que che parece?

Coñecías todo os contidos referentes a unha representación teatral?

Pensas que ten relación co reto final e que pode axudar a súa consecución? Por que?

Resolviches con facilidade os xogos de repaso do último apartado?

O meu camiño:

Resultouche interesante esta parte da consecución do reto?

Consideras que é unha forma de poñer en práctica o que xa sabías co reto final?

Cústache seguir o ritmo de traballo?

Gustouche traballar en equipo ca obra de teatro?

Cal foi o teu rol dentro do equipo? Consideras que deberías de ter feito outra cousa?

Valoro a miña actuación:

Valora de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



Valora de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



Diario común:

Realiza unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

Two vertical red lines defining a space for notes.

FASE 4

Imos a polo reto

Despois de moito traballo, o grupo acadou o reto final. Foron días de compartir coñecementos, superar dificultades e poñer en común ferramentas e habilidades que contribuíron á resolución do reto final. Ademais da satisfacción polo traballo ben feito, o que aprendemos neste reto servirános nun futuro para resolver situacións similares.

As miñas aprendizaxes:

Que é o máis importante que aprendiches ao longo deste reto?

Que ferramentas/coñecementos aprendiches ou foron necesarios para aprender este reto?

En que outros momentos podo aplicar o que aprendín durante este reto?

O meu camiño:

Que dificultades individuais atopaches ao resolver o reto?

Que dificultades atopaches traballando en grupo para resolver o reto?

Que fortaleza individual che serviu para traballar neste reto?

Que habilidades aporteí ao grupo?

Valoro a miña actuación:

Valora de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



Valora de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



Diario común:

Realiza unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

Two vertical red lines defining a space for notes.

FASE 5

Conclusión

Volta a vista atrás e pensa sobre como foi esta aventura dende o comezo e os resultados da mesma. Nun futuro, grazas a esta reflexión, poderás adaptarte mellor a outras situacións de aprendizaxes diferentes.

As miñas aprendizaxes:

Que aprendiches?

Como podes seguir mellorando?

Cal foi para ti o aspecto máis valioso de participar en esta situación de aprendizaxe?

O meu camiño:

Aportaches o teu punto de vista?

Houbo algo que te sorprendeu?

Por que cres que a opinión dos demais nos pode servir para mellorar?

A posta en práctica do reto pode influír na sociedade?

Valoro a miña actuación:

Valora de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



Valora de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



Como te sentiches?:

Elixe as emoticonas que máis che representaron afrontando esta situación de aprendizaxe.

Por que?

Ideas para mellorar:

Valora a situación de aprendizaxe:

Que che parece seguir aprendendo a través de novas situacións de aprendizaxe?

Que cambiarías ou farías doutra maneira nesta situación de aprendizaxe?

Que ideas se che ocorren para mellorar esta situación de aprendizaxe?

Diario común:

Realiza unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades: